

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PORTO DO SON

*Acordo de concesión provisional de becas a deportistas individuais do Concello de Porto do Son 2021*

#### ANUNCIO

#### Acordo de concesión provisional de becas a deportistas individuais do Concello de Porto do Son 2021

Por Xunta de Goberno Local do Concello de Porto do Son, na sesión extraordinaria do 25.11.2021, aprobouse a concesión provisional das becas a deportistas individuais do Concello de Porto do Son 2021.

#### EXPEDIENTE 279/2021. CONCESIÓN PROVISIONAL DE BECAS A DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DO CONCELLO DE PORTO DO SON, ANO 2021.

#### Antecedentes

Vista a Ordenanza aprobada polo Pleno na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 08/07/2021, pola que se establecen as bases reguladoras para o outorgamento de becas para deportistas individuais do Concello de Porto do Son (BOP núm. 172 do 09/09/2021).

Vista a convocatoria das becas publicada no BOP núm. 187, do 30/09/2021.

Visto o Decreto de Alcaldía núm. 2021-1311 do 26/10/2021, polo que se designa ao órgano instrutor e aos membros da comisión avaliadora das axudas.

Visto o informe do órgano instrutor de data 17/11/2021 relativo ás solicitudes que cumpren os requisitos para poder ser beneficiarios da subvención e o certificado de secretaría das solicitudes presentadas.

Vista a Acta de valoración da Comisión das solicitudes examinadas e que serviu de base para a redacción da proposta de resolución do órgano instrutor, Coordinador deportivo, tal como se sinala na base 8.<sup>a</sup>, que foi emitida o día 24 de novembro de 2021.

Considerando que a concesión provisional será aprobada pola Xunta de Goberno Local e publicada no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido na base 8.<sup>a</sup> da convocatoria.

Visto canto antecede, ACORDAR:

**Primeiro.**–Aprobar a concesión provisional das becas para deportistas individuais do Concello de Porto do Son, aos seguintes beneficiarios e polos seguintes importes:

N.º rex.	Beca	Puntuación	Importe
6349	A	139	2.000,00 €
6435	B	16	1.000,00 €
6388	C	20	688,00 €
6370	C	5	172,00 €
6236	C	4	137,60 €

**Segundo.**–Denegar a axuda ás seguintes persoas solicitantes polo motivo exposto:

N.º rex.	Beca	Puntuación	Importe	Motivo denegación
6400	C	1	0,00 €	Non acadou a puntuación mínima, segundo a base 5, epígrafe 2.

**Terceiro.**–Segundo o establecido na base 8.<sup>a</sup> da convocatoria, conceder un prazo de dez días hábiles dende o seguinte á publicación da concesión provisional no BOP para que as persoas beneficiarias comuniquen a súa aceptación ou, no seu caso, para que efectúen as alegacións que consideren oportunas, sen que esta concesión provisional supoña a creación de dereito algún a favor do beneficiario proposto fronte á administración.

Coa comunicación da aceptación deberase achegar, en todo caso, unha declaración responsable de estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais co Concello de Porto do Son, así como das obrigas tributarias e coa Seguridade

Social e non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro, ao abeiro do artigo 31.7. e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Cuarto.**–Notificar aos interesados, mediante publicación no BOP

**Quinto.**–Dar traslado do presente acordo ao Instrutor e aos departamentos de Deportes e Intervención aos efectos oportunos.

Porto do Son, 26 de novembro de 2021.

O alcalde

Asdo.: José Luis Oujo Pouso

2021/8291